




POPULARES



Grupo Municipal Popular
Santiago de Compostela

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para o seu debate en Pleno, a seguinte **MOCIÓN**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galicia vén de anunciar que a atención ás emerxencias na nosa Comunidade Autónoma se coordinará, en breve, desde un Centro Integrado xa construído na Estrada, e que contará cunha maior capacidade operativa respecto das actuais instalacións.

A localización deste centro na Estrada supón un cambio de emprazamento respecto da "idea orixinal" de radicalo no Concello de Oroso, "idea orixinal" que foi concibida en 2008 polo Goberno autonómico bipartito conformado por PSOE e BNG e que non foi contestada polo Goberno municipal compostelán da mesma cor política.

Decidida, hai máis de cinco anos, a localización fóra de Santiago do centro integrado coordinador das emerxencias e materializada finalmente a infraestrutura na Estrada, a Xunta de Galicia vese agora na obriga de darlle o uso no seu momento previsto.

A decisión de radicar o centro coordinador de emerxencias fóra de Santiago causa un trastorno as traballadoras e traballadores afectados, trastorno que se debe minimizar, ao tempo que debemos tomar conciencia das posibilidades de Santiago de Compostela como capital dunha ampla e vertebrada área de intercambio de bens e servizos.

Por todo isto, o Grupo Municipal do Partido Popular solicita do Pleno a adopción do seguinte

ACORDO:

Primeiro.- O Concello de Santiago insta á Xunta de Galicia a que o traslado das traballadoras e traballadores dos servizos de emerxencias á Estrada se realice sen menoscabo dos seus dereitos laborais.

Segundo.-O Concello de Santiago insta á Xunta de Galicia a seguir impulsando a construción da autovía que conecta a capital de Galicia coa Estrada.

Terceiro.-O Concello de Santiago insta á Xunta de Galicia a acelerar a efectiva incorporación do concello da Estrada á Área de Transporte Metropolitano de Santiago, incidindo na información das novas opcións de mobilidade.

Santiago, a 3 de setembro de 2015

P.O.

Agustín Hernández

Portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular.

SR. ALCALDE DO EXCMO. CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.